

cedimiento de valoración colectiva de carácter parcial que ha llevado a cabo la Gerencia Territorial del Catastro de Ourense en el municipio de A Peroxa, se pone en conocimiento de todos los interesados que la relación de los titulares catastrales con notificaciones pendientes, por no haber sido posible realizar su entrega por causas no imputables a la Administración, tras haberse intentado por dos veces o por una sola si constara como desconocido, estará expuesta en el respectivo ayuntamiento del referido municipio y en la Gerencia Territorial del Catastro de Ourense, situada en la calle Concordia, 13A, del municipio de Ourense, durante el plazo de diez días hábiles, contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio, de lunes a viernes, dentro del horario ordinario de atención al público, a los efectos de practicar la notificación mediante comparecencia presencial. Dicha relación se publica, asimismo, en la sede electrónica de la Dirección General del Catastro (<http://www.sede-catastro.gob.es>), para su consulta individual.

Una vez transcurrido dicho plazo sin haber comparecido la notificación, se entenderá producida a todos los efectos legales desde el día siguiente al de su vencimiento. El plazo de un mes para la interposición del recurso de reposición o reclamación económico-administrativa contra los valores catastrales se contará a partir del día siguiente al de la finalización del plazo señalado para comparecer.

Ourense, 13 de noviembre de 2013. El gerente territorial.

Fdo.: Manuel Junco Ruiz.

R. 4.542

IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Castro Caldelas

Edicto

Unha vez que, polo Decreto da Alcaldía con data tres de decembro de dous mil trece, se aprobaron as bases que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións para actividades culturais e de interese social durante o ano dous mil trece, realizadas por entidades e agrupacións sen ánimo de lucro do Concello de Castro Caldelas, publícase este anuncio para os efectos de que no prazo de dez días hábiles, contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aquelas entidades e asociacións que así o consideren poidan presentar no Rexistro deste concello, de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres, unha solicitude de subvención segundo o modelo que figura nas citadas bases e que se facilitará na Casa do Concello de Castro Caldelas, situada na rúa do Concello, n.º 1.

Castro Caldelas, 3 de decembro de 2013. O alcalde.

Asdo.: Eladio Osorio Castro.

Edicto

Una vez que, por el Decreto de la Alcaldía de fecha tres de diciembre de dos mil trece, se aprobaron las bases que regirán la convocatoria para la concesión de subvenciones para actividades culturales y de interés social durante el año dos mil trece, realizadas por entidades y agrupaciones sin ánimo de lucro del Ayuntamiento de Castro Caldelas, se publica este anuncio a los efectos de que en el plazo de diez días hábiles, contados a partir de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, aquellas entidades y asociaciones que así lo consideren puedan presentar en el Registro de

este ayuntamiento, de 09:00 a 14:00 horas, de lunes a viernes, una solicitud de subvención según el modelo que figura en las citadas bases y que se facilitará en la Casa Consistorial de Castro Caldelas, situada en la calle del Ayuntamiento, n.º 1.

Castro Caldelas, 3 de diciembre de 2013. El alcalde.

Fdo.: Eladio Osorio Castro.

R. 4.854

Castro Caldelas

Edicto

O Pleno do Concello de Castro Caldelas, na sesión ordinaria realizada o día 3 de decembro de 2013, aprobou inicialmente o orzamento xeral para o exercicio de 2013, así como o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para o dito exercicio. En cumprimento ao disposto nos artigos 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 20.1 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, exponse ao público na Secretaría deste concello polo prazo de 15 días hábiles, prazo que comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, coa finalidade de que durante este tempo os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas diante do Pleno da Corporación. Se non se presentasen reclamacións, o orzamento considerárase definitivamente aprobado sen necesidade dun novo acordo do Pleno.

Castro Caldelas, 3 de decembro de 2013. O alcalde.

Asdo.: Eladio Osorio Castro.

Edicto

El Pleno del Ayuntamiento de Castro Caldelas, en la sesión ordinaria celebrada el día 3 de diciembre de 2013, aprobó inicialmente el presupuesto general para el ejercicio 2013, así como el anexo de personal y la relación de puestos de trabajo para dicho ejercicio. En cumplimiento de lo dispuesto en los artículos 169.1 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, y 20.1 del Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, se expone al público en la Secretaría de este ayuntamiento por el plazo de 15 días hábiles, plazo que comenzará a contar desde el día siguiente al de la publicación del presente anuncio en el BOP, con la finalidad de que durante este tiempo los interesados puedan examinarlo y presentar las reclamaciones que estimen oportunas ante el Pleno de la Corporación. Si no se presentasen reclamaciones, el presupuesto se considerará definitivamente aprobado sin necesidad de un nuevo acuerdo del Pleno.

Castro Caldelas, 3 de diciembre de 2013. El alcalde.

Fdo.: Eladio Osorio Castro.

R. 4.843

Lobios

Anuncio de aprobación definitiva

Ao non achegaren reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza reguladora da venda ambulante e das actividades feirais do Concello de Lobios, cuxo texto integro se publica, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.



Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante e das actividades feirais do Concello de Lobios.

Exposición de motivos

Na actualidade a actividade comercial configúrase como un sector dos de maior importancia na vida municipal, existindo diversas modalidades especiais dentro dela, entre as que se atopa a venda ambulante, actividade que pola súa importancia reclama unha normativa municipal na que se establezan as peculiaridades do seu desenvolvemento no Concello de Lobios.

Así por medio desta Ordenanza instrumentase a intervención municipal na vida económica e social, por canto non debemos esquecer a súa dobre función, por unha banda, regular o exercicio dunha actividade comercial de carácter económico e por outra, a protección dos/as consumidores/as e usuarios/as, en desenvolvemento non só da normativa tanto estatal como autonómica, senón tamén da norma suprema que eleva a principio reitor da política social e económica a protección dos consumidores e usuarios.

Como xa se indicou a regulación deste sector ven a completar o traballo xa iniciado especialmente pola Comunidade Autónoma, coa creación dun Rexistro de Comerciantes Ambulantes, requisito de carácter voluntario para o exercicio da actividade, tal e como establece o artigo 73 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de ordenación do comercio interior de Galicia, e que supón un achegamento das obrigas, non só de dereitos, dos vendedores ambulantes e dos vendedores sedentarios integrados en estruturas comerciais, pretendendo con ela unha mellora no control e vixilancia que redundará, sen dúbida, en toda a poboación.

Título I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito

Esta ordenanza ten por obxecto regular o exercicio da venda ambulante dentro do termo municipal de Lobios e a ordenación das actividades feirais que se realicen no municipio e apróbase de conformidade co disposto nos artigos 25 e 84.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local; 1.2.º do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 1/1996, do 5 marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia, -modificada pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior-; Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio polo miúdo; a Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia; o Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria; Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante. Así mesmo, tivéronse en conta os principios da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e os artigos 1 e 5 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

Considérase venda ambulante ou non sedentaria a realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou nos lugares autorizados, en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións-tenda.

Artigo 2. Exclusiones

Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza aquelas actividades comerciais que, por razón do seu obxecto ou natureza, estean sometidas a un control específico por parte dos poderes públicos ou a unha regulamentación específica, sen prexuízo da aplicación supletoria desta lei. En todo caso, quedan excluídos do seu ámbito de aplicación:

a) Os servizos de carácter financeiro, de transporte e de seguros.

b) Os servizos de aloxamento, cafetarías, bares, restaurantes e hostalaría, en xeral.

c) Os servizos de reparación, mantemento e asistencia técnica, sempre que non vaian asociados á

d) venda, con carácter ordinario ou habitual.

e) Os servizos prestados por empresas de ocio e espectáculos, tales como cinemas, teatros, circos, ludotecas, parques infantís ou similares. O antedito non obsta á suxeición a esta ordenanza das vendas realizadas nas súas instalacións ou anexos, sempre que estas se desenvolvan en zonas de libre acceso.

Así mesmo, quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza as seguintes actividades feirais: (artigo 2 Lei 1/1996 de regulación actividades feirais)

- As feiras ou os mercados dedicados fundamentalmente ás transaccións de gando, produtos agrarios e pesqueiros e outros de uso ou consumo corrente, con independencia da súa periodicidade.

En calquera caso, os certames gandeiros están sometidos á vixente lexislación específica sobre gandería e sanidade animal.

- As feiras que, con independencia da súa periodicidade, se dirixan ao público en xeral e teñan por obxecto a venda directa con retirada de mercadorías durante o seu desenvolvemento.

- As actividades de carácter promocional organizadas polos establecementos comerciais, con independencia da súa duración.

Artigo 3. Competencia

Correspóndelle ao Concello de Lobios, dentro do seu termo municipal, sen prexuízo das competencias doutras administracións, a ordenación, execución, inspección e control das medidas necesarias para un desenvolvemento satisfactorio da venda ambulante e outros acontecementos extraordinarios, nos que se desenvolvan actividades de venda ambulante, do cumprimento dos requisitos para a obtención das licenzas e de facer cumprir o presente regulamento. Esta competencia correspóndelle á Alcaldía ou concelleiro/a ou órgano en quen delegue.

Título II. Da venda ambulante en xeral

Artigo 4. Concepto de venda ambulante

1. Considérase venda ambulante ou non sedentaria a realizada por persoas comerciantes, fóra dun establecemento comercial permanente de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou nos lugares debidamente autorizados en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións-tenda.

2. As vendas efectuadas dentro dos locais ou dos recintos ocupados por un certame feiral non terán a consideración de ambulante.

Artigo 5. Modalidades de venda ambulante ou non sedentaria

A venda ambulante só poderá realizarse baixo as seguintes modalidades:

a) Venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados situados en poboacións, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida. Dentro desta epígrafe están encadradas, entre outras, as realizadas en feiras populares, en mercados de postos e en rastros

b) Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.

c) Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que teñan lugar con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.

d) Venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados

Artigo 6. Suxeitos da venda

A venda ambulante poderá ser exercida por toda persoa física ou xurídica legalmente constituída que se dedique profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo e reúna os requisitos establecidos na presente ordenanza e demais normativa que resulte de aplicación.

Artigo 7. Condicións xerais para o exercicio da actividade de venda ambulante

Para o exercicio da venda ambulante son requisitos necesarios os seguintes:

1. Ser persoa física maior de 16 anos ou persoa xurídica que se atope legalmente constituída.

2. Se o titular procede de países non comunitarios, deberá estar en posesión dos permisos de residencia e de traballo, ou, de proceder de países non comunitarios, da tarxeta de residencia.

3. Atoparse de alta no epígrafe do IAE, na modalidade de venda ambulante e atoparse de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

4. Estar ao día no pagamento das súas obrigas coa Facenda Pública e coa Seguridade Social e coas obrigas municipais.

5. Cumprir todos os requisitos que establezan as regulamentos específicas aplicables aos produtos autorizados que teñan á venda.

6. Estar en posesión do carné sanitario de manipulador de alimentos, actualizado, cando proceda á venda de artigos alimenticios.

7. Estar en posesión da licenza municipal correspondente para este tipo de venda. Esta licenza sinalará o obxecto da venda e deberá manterse, para a súa exhibición, en lugar visible e permanente. A licenza municipal para o exercicio da venda ambulante, estará sometida á comprobación previa polo Concello do cumprimento polo peticionario dos requisitos legais en vigor polo exercicio do comercio, así como do establecido pola regulación do produto para o cal está autorizada a venda.

8. No caso das cooperativas, deberán solicitar tantos postos como cooperativistas queiran exercer a actividade.

9. O exercicio da actividade comercial levarase a cabo con rigoroso respecto aos dereitos lingüísticos recollidos no artigo 5º do Estatuto de autonomía para Galicia. Ninguén poderá ser discriminado ou atendido incorrectamente por razón da lingua empregada. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal dos dous idiomas.

Artigo 8. Prohibicións e restricións ao exercicio da actividade comercial

1. Non poderán exercer a actividade comercial as persoas físicas e xurídicas ás que lles estea especificamente prohibido pola normativa vixente.

2. Prohíbese expresamente a exposición e a venda de mercadorías á persoa consumidora cando estas proveñan de persoas físicas e xurídicas cuxa actividade sexa distinta á comercial. A devandita prohibición seralles especialmente aplicable a aquelas entidades que, como consecuencia da actividade que lles é propia, teñan como finalidade principal a realización de préstamos, depósitos ou operacións de análoga natureza, adheridas á oferta comercial da mercadoría, de tal forma que unha non se poida facer efectiva sen a outra.

En todo caso, presumirase a existencia destas actuacións no suposto de que a persoa consumidora poida realizar pedidos ou adquirir mercadorías nos establecementos daquelas.

3. A infracción ao disposto no parágrafo anterior será sancionable consonte co establecido nesta ordenanza, con independencia das responsabilidades derivadas, de ser o caso, da respectiva lexislación especial e sen prexuízo da improcedencia de

que un mesmo feito sexa obxecto dunha dobre sanción administrativa.

Artigo 9. Localización

1. A venda ambulante só queda autorizada nos lugares e datas que se determinen por acordo da Xunta de Goberno Local, estando suxeita á preceptiva licenza municipal.

2. A zona destinada á actividade de venda ambulante, será o espazo que o interese municipal determine en cada momento.

3. A feira e/ou mercado de postos ambulantes localízase con carácter xeral ao longo da rúa Estrada de Portugal, nas inmediacións a esta estrada, da Praza Roxa e no entorno do pavillón e das piscinas municipais, sen prexuízo do disposto no seguinte apartado.

Así mesmo, para que a feira se desenvolva nas mellores condicións, os días de feira establécense novas normas de circulación de vehículos a motor en determinadas zonas como:

- Queda prohibida a circulación de vehículos a motor- salvo casos de emerxencia e/ou excepcionais- na estrada OU-312 dende o cruceiro situado en Cruces ata o cruzamento coa estrada que comunica co centro escolar. Nesta zona localízanse, entre outros, varios establecementos de hostalería e comercio como: Grill-Luma, Restaurante Lusitano, Bar San-Bar-To-Lo-Meu, Supermercado Claudio, Bar Cubano, Supermercado Día, Hotel AV.

- Establécese un corredor de circulación en dobre sentido no tramo que discorre entre a estrada OU-312 dende o cruceiro situado en Cruces ata o cruzamento da estrada de Gustomeau. Nesta zona sitúanse, entre outros, varios establecementos relacionados co comercio como: Panadería e supermercado Salgado, Comercial Miguel.

- Para que este corredor sexa efectivo os postos ambulantes que se sitúen nesta zona non poderán superar o espazo destinado para os postos. Este espazo estará delimitado por unha liña e/ou baliza. O administrador da feira será o encargado de sinalizar este espazo.

- Queda prohibida a circulación de vehículos a motor- salvo casos de emerxencia e/ou excepcionais- dende o cruzamento da estrada de Gustomeau ata o cruzamento coa estrada de San Paio. Nesta zona localízanse, entre outras, os seguintes edificios públicos: Edificio multiusos, Concello, sede do parque natural, pavillón e piscinas municipais.

4. O Concello poderá modificar o emprazamento do lugar para a realización da venda ambulante e/ou feira por causa de forza maior, de interese xeral ou municipal, mediante resolución da Alcaldía ou, de ser o caso, acordo da Xunta de Goberno. En todo caso, o recinto deberá reunir as condicións hixiénicas e sanitarias axeitadas á actividade e de doado acceso para vendedores e compradores.

Ao abeiro deste artigo o Concello autorizará a celebración da Feira da Madalena. Esta feira de carácter transfronteirizo celebrarase no entorno da fronteira da Madalena (OU-540) todos os anos o día 22 de xullo no caso de que este día coincida en domingo. En caso contrario, celebrarase o domingo seguinte ao 22 de xullo.

Artigo 10. Periodicidade e horario

Os días de feira serán todos os segundos domingos de mes. Poderase autorizar a celebración de dous mercados extraordinarios ao longo do ano, un o día 24 de decembro e o outro para celebrar nunha data proposta polos vendedores/as ambulantes e aprobada en Xunta de Goberno Local. Non obstante, cando circunstancias de carácter excepcional así o aconsellen, o Concello poderá autorizar un mercado extraordinario máis, mediante acordo da Xunta de Goberno local.

O horario para a celebración da feira será dende ás 08.00 ás 20.00 horas na tempada de verán e dende ás 09.00 ás 19.00 horas



no inverno, no que se procederá a súa retirada. A montaxe dos postos deberá efectuarse entre as 08.00 e as 09.30 horas, quedando prohibida a entrada de calquera vehículo no recinto do mercado a partir desta hora, salvo días de temporal ou forza maior. Cada quen limitarase exclusivamente ao espazo que ten destinado, agás se o posto do lado queda libre, caso no que, de autorizalo así o concello, poderán estenderse os lindeiros.

O espazo ocupado polo mercado ambulante deberá estar libre e limpo ás 20.30 horas no verán e ás 19.30 horas no inverno para que os servizos municipais de limpeza poidan realizar a súa tarefa.

O concello, por causa de interese xeral, e tralo cumprimento previo dos requisitos establecidos na lexislación vixente, poderá modificar as prescricións deste Regulamento dispoñendo o traslado dos postos de venda a outro ou outros lugares, a redución do número de postos de venda, e incluso a súa total supresión, sen que isto dea lugar a indemnización ningunha.

O acordo previo e motivado de alteración dos lugares de venda ou do día da celebración do mercado e/ou feira, polas causas anteriormente citadas, adoptarase pola Xunta de Goberno local.

O número e localización dos postos defínense segundo acordos municipais que determinarán, en función das circunstancias concurrentes en cada momento, o aumento ou supresión dos postos existentes ou a súa modificación.

Artigo 11. Instalacións

1. Toda feira terá unha dotación de infraestrutura e equipamento que garanta o cumprimento das normas sobre sanidade, hixiene e respecto ao medio urbano e veciñal onde se instala e que, polo menos, cumprirá as seguintes esixencias:

a) A feira deberá instalarse sobre superficie axeitada.

b) Dentro da superficie da feira existirán depósitos destinados á recollida de refugallos ocasionados pola actividade comercial.

2. As persoas autorizadas, ao final de cada xornada comercial, deberán deixar limpos de refugallos os respectivos espazos.

En ningún caso se permitirá a colocación de postos nas beirarrúas, que estorben o paso a locais comerciais, industriais e profesionais; en accesos a edificios públicos ou privados, ni en lugares que dificulten a circulación peonil ou de vehículos.

Tendo as licenzas a consideración de ser outorgadas sen prexuízo de terceiro e con natureza precaria, o exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal, ou sen axustarse a ela, dará lugar á retirada inmediata das instalacións, elementos e xéneros neles situados.

No caso do parágrafo anterior, os/as interesados/as poderán recuperar os elementos retirados tralo aboamento do importe dos custos de procedemento de custodia e almacenamento das mercadorías retiradas.

Os/as comerciantes terán á vista na parte frontal superior e perfectamente visible a licenza ao administrador da feira e/ou persoal municipal polo que se presumirá que tal licenza non existe de non presentar esta no momento de ser esixida polo administrador da feira e/ou polos encargados municipais.

Artigo 12. Dos postos

1. Só poderán expoñerse e venderse produtos autorizados, tales como artigos téxtiles de pel, calzado, artesanía, cestería, ornato de pequeno volume, material de Nadal, cosmética, perfumería, bixutería, libros, aparellos de radio, CD, DVD, plantas, sementes, xoguetes, árbores e outros análogos.

2. Queda expresamente prohibido a exposición de mercadorías directamente no chan, debendo estar en mesas para garantir unhas condicións mínimas de hixiene e sanidade, ou ben directamente nas cestas.

3. Os agricultores poderán vender directamente os produtos do campo tales como verduras, legumes e froitas sen estar de

alta no Imposto de Actividades Económicas, nin afiliación á Seguridade Social, trala manifestación previa de que tales produtos son sobrantes de consumo familiar propio procedente de excedentes de produción, que será comprobado, non permitíndose a venda de produtos fóra de temporada. A administración municipal esixirá a alta no imposto de actividades económicas e afiliación á Seguridade Social cando os produtos do campo non proveñan dunha explotación agrícola destinada ao consumo familiar, por considerarse o vendedor como un intermediario.

4. A venda autorízase en postos de carácter desmontable ou instalacións que terán unhas condicións axeitadas ás características da licenza. Tamén se autoriza a venda en camións-tenda de pan, froita, queixos, produtos envasados, peixe fresco e conxelado, así como outros produtos alimenticios nos que a súa venda en réxime de ambulancia estea autorizada pola normativa estatal ou autonómica aplicable, cando se cumpran as condicións sanitarias e hixiénicas que establece a lexislación sectorial.

5. Os postos no chan terán un voo máximo de 2 metros ao longo da ocupación, que poderán ser ocupados por mercadorías. Esta distancia medirase dende o inicio da beirarrúa ou dende o noiro da estrada ata o lugar de aparcadoiro, non podendo ocuparse de maneira completa a zona de aparcadoiro. Para protexerse das inclemencias meteorolóxicas, poderá ampliarse o voo sen que moleste aos demais comerciantes, que non poderán ser ocupados con xénero ningún. A altura dos beirís será dun mínimo de 1,90 metros.

6. A mercadoría atoparase sempre dentro da superficie do posto, quedando terminantemente prohibido a provisión desta en envases ou embalaxes fóra do posto. En todo caso, o vendedor extremará a limpeza na zona de venda.

Artigo 13. Da venda

Os vendedores ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade coa normativa vixente en materia de exercicio do comercio e da disciplina do mercado; deberán observar as normas de competencia leal e usos mercantís, e responderán de que os produtos obxecto de venda cumpran as condicións e requisitos esixidos pola normativa que os regula, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais que se establezan nelas.

Os produtos atoparanse debidamente etiquetados e marcados co prezo correspondente.

Artigo 14. Dos produtos

1. Os postos que expendan artigos de peso ou medida, deberán dispor de cantos instrumentos sexan necesarios para pesar ou medir os produtos, debendo estar correctamente etiquetados e marcados co prezo correspondente. Os artigos de uso alimentario deberán situarse a unha distancia do chan non inferior a 60 cm.

2. Os artigos á venda deberán cumprir co establecido en materia de sanidade e hixiene.

3. A venda de produtos perecedoiros, adecuarase en todo momento ás condicións e esixencias hixiénico-sanitarias vixentes. En caso de infracción de tales leis ou normas, detectadas polos axentes sanitarios, estableceranse as oportunas sancións pola administración competente.

Artigo 15. Obrigas dos/as vendedores/as

Son obrigas dos/as vendedores/as autorizados/as:

1. Cumprir todas as disposicións do presente Regulamento, así como as demais disposicións vixentes que lle resulten de aplicación.

2. Aboar a taxa que fixe a ordenanza reguladora por ocupación da vía pública.

3. Deberán colocar nun lugar visible o cartón identificativo.

4. Responderán da legalidade, calidade e seguridade dos produtos que vendan, sendo responsables dos riscos para a saúde dos consumidores e usuarios.

5. Aqueles postos que expidan artigos nos que sexa necesario o peso ou medida, deberán dispor dunha báscula ou metro regulamentario.

6. Ocupar o posto asignado polo Concello, superar o espazo concedido, sen poder situarse nos accesos a locais comerciais ou impedindo a vista dos seus escaparates e exposicións.

7. Manter limpo e en debidas condicións o espazo asignado, recollendo todos os refugallos e embalaxes, debidamente amarrados ou depositados nos colectores para facilitar a ulterior recollida de lixo, evitando en todo momento que se dispersen ensuciando os espazos veciños.

8. Manter aberto ao público o posto, debidamente atendido e abastecido.

9. Acatar as instrucións que imparta o Concello para o bo funcionamento do mercado.

10. Queda prohibida a utilización de megafonía para anunciar a venda de produtos.

Artigo 16. Dereitos dos/as vendedores/as

Son dereitos dos/as vendedores/as autorizados/as:

1. O exercicio da súa actividade no lugar debidamente autorizado e outorgado na licenza municipal.

2. O exercicio público e pacífico, no horario e coas condicións establecidas, da actividade de venda ambulante.

3. No caso de supresión do posto do mercado, o/a titular terá dereito preferente no novo emprazamento.

4. Presentar cantas reclamacións e suxestións consideren oportunas na defensa dos seus dereitos e intereses.

5. A ser substituídos/as na titularidade do posto trala autorización previa do concello e cumprindo os requisitos deste regulamento.

6. A promoción e/ou constitución de asociacións que os/as representen.

Artigo 17. Administrador da feira

O administrador da feira representa ao concello e deberá ser permanentemente respectado por todos/as os/as vendedores/as e clientes/as da feira, que acatarán as directrices e ordes que dite, sinalando entre as súas competencias as seguintes:

a) Coidar de que non entre na feira ningunha persoa que non estea autorizada e que a actividade no interior da feira se realice con normalidade, de acordo co disposto nesta ordenanza e demais disposicións vixentes, dándolle conta ao Concello por escrito das anomalías que observen no funcionamento da feira.

b) Atender as queixas e reclamacións do público e vendedores/as resolvendo de inmediato aquelas que así o aconsellen, dándolle conta en calquera caso a Alcaldía ou á delegación correspondente, mediante os correspondentes partes de incidencias.

c) Levar debidamente ordenadas e arquivadas copias das autorizacións concedidas, compulsadas polo Concello, poñendo en coñecemento dos/as vendedores/as a finalización da vixencia destas a cada un dos/as afectados/as, para os efectos de renovar a autorización.

d) Arquivar por rigorosa orde de presentación, copia das solicitudes que se presenten, comunicándolle ao/á interesado/a primeiro/a na lista de espera, cando quede vacante algún dos postos.

e) Velar pola boa orde, e a limpeza do mercado.

Para o correcto desempeño do seu labor contará coa colaboración do servizo de Protección Civil.

Artigo 18. Licenza municipal

1. Para poder exercer a venda ambulante neste concello, será preciso posuír a correspondente licenza municipal, que será

individual, persoal e intransferible. A actividade debe exercela persoalmente o/a seu/súa titular. A autorización habilitará, ademais de ao/á seu/súa titular, ao cónxuxe deste/a, aos/ás descendentes directos maiores de 16 anos e ás persoas vinculadas a el/a mediante contrato laboral.

2. Concederanse pola Xunta de Goberno local, trala comprobación previa dos requisitos legalmente establecidos.

3. O concello expedirá as licenzas e nelas indicárase a situación precisa do lugar de situación na feira do/a titular, así como os artigos e produtos autorizados e o nome e número da licenza municipal do/a vendedor/a titular.

4. Esta licenza deberá exhibirse obrigatoriamente e durante o tempo que dure a feira, nun lugar ben visible do posto ou, se é o caso, estar sempre a disposición da autoridade competente que a poida solicitar.

5. A licenza terá validez por un ano, podendo ser obxecto de renovación trala solicitude previa do/a interesado/a por períodos sucesivos de anos naturais, trala presentación previa da documentación orixinal esixida polo concello, e sempre que non exista denuncia desta por calquera das partes.

6. En caso de autorizacións adxudicadas a persoas xurídicas, deberán comunicarlle ao Concello calquera cambio que se produza en relación coa súa constitución, no prazo máximo dun mes dende a formalización do dito cambio.

7. Os/as titulares da autorización para o exercicio da venda ambulante no Concello de Lobios deberán ter subscrito seguro de responsabilidade civil para afrontar os posibles danos en que incorran.

8. As persoas xurídicas, sociedades cooperativas ou mercantís, obterán unha única licenza, distribuíndose o número de postos como segue:

a) Sociedades cooperativas de traballo asociado, legalmente constituídas e debidamente inscritas no Rexistro de Sociedades Cooperativas das Xunta de Galicia:

a. As constituídas cun número de socios fundadores máximo de 10: ata un máximo de cinco postos.

b. As constituídas cun número de socios fundadores entre 11 e 20: ata un máximo de dez postos.

b) Sociedades mercantís legalmente constituídas e debidamente inscritas nos rexistros mercantís, (agás sociedades mercantís unipersoais): ata un máximo de cinco postos.

Os/as ocupantes de postos a título persoal poderán constituírse en réxime de cooperativas acolléndose ao disposto na Disposición transitoria do presente regulamento, coas limitacións e requisitos establecidos na lexislación de aplicación.

Artigo 19. Réxime de solicitude da autorización ou licenza

1. A licenza para o exercicio da actividade, deberá ser solicitada polo/a interesado/a ou representante debidamente autorizado, en impreso normalizado que figura como anexo I do presente Regulamento. Esta solicitude presentarase con carácter xeral, cunha antelación mínima dun mes respecto da data fixada ou prevista para o inicio da actividade, no Rexistro Xeral do Concello de Lobios.

2. As ditas solicitudes formularanse no modelo normalizado que se proporcionará nas oficinas municipais, no que se especificarán os seguintes datos:

a) Para as persoas físicas: nome, apelidos e documento nacional de identidade do/a interesado/a e, se é o caso, da persoa que o represente, así como a identificación do domicilio que se sinala para os efectos de notificacións, teléfono, fax, móbil e enderezo de correo electrónico.

b) Para as persoas xurídicas: nome, apelidos, documento nacional de identidade do representante legal, copia compulsada das escrituras constitutivas destas, e xustificante de estar inscritas nos correspondentes rexistros, así como a identifica-



ción do domicilio que se sinala para os efectos de notificacións, teléfono, fax, móbil e enderezo de correo electrónico.

c) Para os cidadáns estranxeiros: nome, apelidos, documento nacional de identidade ou pasaporte e permiso de residencia e traballo que en cada caso sexan esixidos, así como a identificación do domicilio que se sinala para os efectos de notificacións.

d) A identificación, se é o caso, da/s persoa/s con relación laboral ou familiar que vaian colaborar no desenvolvemento da actividade.

e) Modalidade de venda ambulante para a que solicita autorización, con descrición da actividade, oficio e/ou produtos obxecto de venda especificando as condicións particulares de hixiene e seguridade especialmente necesarias para o caso e as características das instalacións (medidas, estrutura, etcétera).

f) Lugar e datas de exercicio da venda ambulante.

g) A matrícula, marca, modelo e cor do vehículo que se utiliza para a venda.

h) Referencia á obriga de coñecer e cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, a disciplina do mercado e a protección do consumidor.

i) Condicións particulares ás que, se é o caso, quede suxeito o titular da autorización.

j) Período de vixencia da autorización.

k) Número de metros liñas da ocupación.

l) Lugar, data e sinatura do/a solicitante.

2. Unha vez recibida comunicación favorable á solicitud de licenza, como trámite previo ao seu outorgamento, os/as solicitantes, co fin de obter esta, deberán achegar no prazo de 15 días hábiles a seguinte documentación (documentos orixinais para a súa compulsa no Concello):

a) Fotocopia do DNI/CIF e NIF. No caso de que o/a solicitante sexa estranxeiro/a, deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e traballo ou da tarxeta de residencia en vigor, segundo se trate de estranxeiros/as de países non comunitarios ou comunitarios, respectivamente.

b) Alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas.

c) Fotocopia do último recibo do réxime correspondente da Seguridade Social.

d) Dúas fotografías tamaño carné.

e) Se a licenza afecta á venda de produtos alimentarios, deberá achegar fotocopia do carné de manipulador/a de alimentos en vigor.

f) Declaración xurada na que o/a solicitante manifieste coñecer as normas ás que debe axustarse a súa actividade, e o seu compromiso a obsévalas.

g) Certificado de atoparse ao corrente no pagamento das obrigas tributarias co concello e da Seguridade Social, ou xustificante que acredite o aprazamento do pago. Sen prexuízo do disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, poderáselle reclamar ao/á solicitante calquera información ou documentación adicional que se considere necesaria, co fin de verificar os datos achegados polo/a interesado/a.

h) Copias compulsadas dos contratos de traballo que acrediten a relación laboral das persoas que vaian desenvolver a actividade no nome do/a titular, cando este/a sexa persoa xurídica.

i) Documentación acreditativa da constitución legal e inscrición no oportuno rexistro mercantil, para o suposto de que se trate dunha persoa xurídica.

j) Copia compulsada da póliza de responsabilidade civil subscrita para os efectos dos posibles danos e accidentes que se puideran derivar do exercicio da actividade.

Artigo 20. Contido da licenza

1. O concello expedirá a licenza en documento normalizado, no que se fará constar:

- Identificación do/a titular e, de ser o caso, da persoa autorizada que vaia desenvolver a actividade en substitución do/a titular (fotografía carné, domicilio, nome e apelidos e DNI ou CIF).

- Localización precisa do posto coa súa correspondente identificación numérica e superficie asignada.

- Data da licenza municipal e de caducidade.

- Produtos autorizados para a venda.

- Epígrafe IAE.

- Número outorgado ao/á titular no Rexistro Municipal de Comerciais Ambulantes.

2. Nas costas levará un resumo das circunstancias máis importantes deste ordenamento, especialmente o capítulo de faltas e sancións.

3. A licenza, orixinal ou copia, co selo do Concello, deberá ser exhibida polo comerciante durante o exercicio da actividade, colocada no posto en lugar perfectamente visible.

Artigo 21. Validez da licenza

As licenzas serán persoais e intransferibles, e terán unha duración dun ano natural, prorrogable, salvo renuncia expresa do/a titular.

A renovación da licenza producirase anualmente, de xeito automático, tralo requirimento previo polo Concello da documentación necesaria, sempre que se achegue a acreditación de estar ao día no pagamento das súas obrigas coa Seguridade Social e coa Facenda Pública, así como a acreditación das demais circunstancias esixidas.

A renovación anual das autorizacións para a venda ambulante, farase antes do 15 de novembro do exercicio en curso.

Artigo 22. Criterios de adxudicación

Unha vez transcorrido o prazo ao que fai referencia a disposición transitoria única desta ordenanza, a adxudicación dos postos dispoñibles previamente delimitados e sinalados, realizárase tendo en conta os seguintes criterios:

1) Por orde de antigüidade, para o que se creará a correspondente lista de espera.

2) Mellor racionalización dos espazos para ocupar.

3) Diversificación dos produtos obxecto de venda.

Cando algún posto cause baixa por calquera motivo este pasará a situación de dispoñible, adxudicándose a aqueles/as solicitantes que reúnan os requisitos, segundo o disposto anteriormente, considerando que os que dispoñan de postos autorizados terán preferencia para poder cambiar de posto.

Artigo 23. Autorizacións

A autorización municipal para o exercicio da venda ambulante outorgarase ao Concello segundo o disposto na lexislación vixente.

O/a titular da autorización municipal poderá ser substituído/a por outra persoa por algún dos motivos e polo tempo seguinte, trala xustificación previa documental e autorización municipal:

a) Un mes en caso de matrimonio.

b) En caso de nacemento dun fillo, enfermidade grave, falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade, e desprazamentos polos motivos anteriores. En todos os casos anteriores atenderase aos prazos e datas que fixe a lexislación social vixente en cada momento.

c) Para realizar funcións sindicais ou de representación os prazos serán os que fixe a lexislación vixente.

d) Maternidade ou paternidade (conciliación vida familiar e laboral).

e) Exercicio de cargo público representativo.

f) Privación da liberdade mentres non exista sentenza condenatoria.

g) Viaxes relacionados directamente coa actividade obxecto de licenza.

h) Tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal.

O/a substituto/a deberá reunir os seguintes requisitos:

a) Estar dado/a de alta como comerciante no réxime correspondente.

b) Non ser titular na feira dun posto de venda ambulante.

c) A substitución será unicamente para o mesmo posto e para o exercicio da mesma actividade

Artigo 24. Criterios de revogación ou extinción da autorización

En caso de ter pechado o posto durante tres días de mercado seguidos, ou sete alternos dentro dun período de doce meses, revogarase a autorización, logo da correspondente notificación.

Con todo, a administración poderá resolver casos individualizados por enfermidade do titular ou outras causas debidamente xustificadas.

Artigo 25. Rexistro Municipal de Vendedores Ambulantes

1. Créase o Rexistro Público Municipal de Vendedores Ambulantes, que será xestionado polo concello, e a inscrición neste será consecuencia inmediata de concesión da licenza municipal correspondente para o exercicio da actividade.

2. A inscrición dos/as titulares de licencias municipais de venda ambulante vixente ao tempo de posta en funcionamento deste servizo, farase de oficio pola autoridade municipal sen que sexa precisa a solicitude formalizada por aqueles/as. Con todo, estarán obrigados/as a comunicar e acreditar os datos que se lles requiran para a efectiva inscrición no rexistro.

3. Realizada a inscrición, expediráselle ao/á comerciante inscrito/a un carné profesional de vendedor ambulante, cunha vixencia dun ano, renovable automaticamente.

4. O contido do carné profesional deberá ser:

a) Identificación do titular.

b) Período de vixencia.

c) Descrición literal do epígrafe fiscal no que figura dado de alta.

d) Produto autorizado á venda.

e) Número de metros do posto.

f) Número do posto.

g) Número de rexistro e selo da dependencia municipal correspondente coa sinatura da Alcaldía.

h) Fotografía do titular.

5. No caso de perda xustificada da licenza o/a vendedor/a terá a obriga de entregar o carné municipal.

6. Este carné será renovable ano a ano, de xeito automático; para isto o concello estampará o seu selo nel.

7. Neste rexistro tamén se incluírá un parágrafo referente ás solicitudes en lista de espera.

8. A concesión de licenza farase de conformidade co disposto na lexislación de aplicación.

9. No primeiro trimestre do ano o Concello comunicarlle á Dirección Xeral de Comercio o contido do Rexistro Municipal de Comerciantes Ambulantes para a súa comprobación co Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia.

Artigo 26. Infraccións e sancións

1. Constitúen infraccións as condutas tipificadas como tales no presente artigo.

2. O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, así como as determinadas na normativa de aplicación, dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador, que poderá iniciarse de oficio ou por denuncia. As faltas clasificaranse como leves, graves ou moi graves.

3. Serán faltas leves:

a) Producir ruidos, berros ou música infrinxindo a normativa vixente.

b) A falta de ornato ou limpeza das instalacións e na zona do posto.

c) Aumentar a superficie do posto, sen autorización municipal.

d) Non deixar limpo e recollido á hora sinalada o lugar no que estivo instalado o posto, así como permitir que o lixo procedente da súa actividade durante o tempo que permanece instalado sexa transportado (polo vento ou outros motivos), fóra do seu espazo.

e) Colocación de mercadorías fóra do espazo asignado.

f) Non mostrar a requirimento da autoridade competente as autorizacións pertinentes.

4. Serán faltas graves:

a) A venda de produtos distintos aos autorizados na licenza.

b) A desobediencia das normas de orde e indicacións do concello.

c) A venda de produtos en condicións deficientes ou deteriorados.

d) A instalación do posto en lugar non autorizado.

e) Falta da envoltura regulamentaria dos artigos alimenticios á venda.

f) Falta de aseo, limpeza e hixiene en vendedores, postos e ferramentas.

g) Non acreditar mediante factura a procedencia das mercadorías, de ser requiridos para elo.

5. Serán faltas moi graves:

a) Non estar dado de alta no imposto de actividades económicas ou non estar ao día no pagamento das obrigas tributarias respecto da actividade que se exerza.

b) Non estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

c) A venda de produtos en mal estado que poidan causar dano á saúde.

d) O exercicio da actividade por persoa diferente da autorización ou do seu suplente.

e) A negativa ou resistencia a subministrar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes ou polos seus axentes para o cumprimento das funcións de información, tramitación e execución que lle corresponden, así como subministración de información inexacta ou documentación falsa.

6. A aquelas infraccións da presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas no Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no devandito texto legal, así como as normas que o desenvolven.

7. Sen prexuízo da correspondente sanción será causa suficiente para a revogación da licenza, a comisión, entre outras, das seguintes faltas:

- Venda de produtos non autorizados.

- Discusións ou altercados con perturbación da orde.

- Transmisibilidade da licenza.

- A non ocupación do posto asignado durante un período de tres meses sen causa xustificada.

- A falta de pagamento das taxas municipais.

Artigo 27. Sancións

As sancións que se aplicarán, serán, sen prexuízo do disposto no artigo 51.1 do Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, as que seguen:

1. Por faltas leves, multas de 50 a 100 euros.

2. Por faltas graves, multas de 101 a 200 euros.

3. Por faltas moi graves:

- Multas de 201 a 400 euros.

- Revogación da licenza, mesmo coa posibilidade de chegar a comisar a mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.



4. Correspóndelle á Alcaldía a imposición de multas e demais sancións.

Artigo 28. Medidas preventivas

A iniciación de actuacións que poidan dar lugar á incoación de calquera procedemento sancionador por falta grave ou moi grave poderá levar aparelado, como medida preventiva, a retención das mercadorías polos vixiantes encargados da venda ambulante ou autoridade competente, cando se realizase a venda ambulante sen autorización, existisen sinais evidentes de fraude na súa venda ou se poña en perigo a saúde ou integridade física dos consumidores ou compradores, de xeito independente ao inicio do expediente sancionador.

Artigo 29. Procedemento

Para a determinación das infraccións e a imposición das sancións previstas nesta ordenanza, será de aplicación o procedemento administrativo sancionador regulado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora con carácter xeral; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas de procedemento administrativo común, e demais normas concordantes.

Así mesmo estarase ao disposto no Real decreto 1945/1983 polo que se regulan infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor.

Artigo 31. Da actuación municipal

O concello exercerá a intervención administrativa, as funcións de autoridade, policía e inspección en todos aqueles postos situados no mercado, sen prexuízo do labor inspector doutras administracións competentes nas materias relacionadas co mercado.

Artigo 31. Inspección municipal

Os servizos municipais correspondentes velarán polo mantemento da orde pública e o cumprimento polos usuarios destas normas, e das que se diten no sucesivo na materia, sendo competencia municipal a inspección e sanción en materia de venda ambulante, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras administracións en aplicación da normativa vixente.

Artigo 32. Instalacións

O mercado deberá contar cunha dotación de infraestruturas e equipamento que garanta as instalacións axustadas ás normas vixentes sobre sanidade, hixiene e medio urbano, cumprindo polo menos coas seguintes esixencias:

a) O mercado estará montado sobre superficie asfaltada ou empedrada, que deberá estar nas condicións máis idóneas.

b) Dentro da súa superficie ou anexa inmediata, existirán colectores destinados á recollida dos residuos producidos pola actividade comercial.

c) Aqueles establecementos susceptibles disto deberán estar provistos das correspondentes follas de reclamacións e deberán expedir tickets ou facturas das vendas feitas.

Disposición transitoria

Tras a entrada en vigor do presente regulamento abrirase un período único para a regularización e normalización do mercado de venda ambulante por un prazo de catro meses. Para tal efecto os/as actuais ocupantes dos postos poderán regularizar a súa situación mediante a presentación no concello dos datos identificativos do/a titular do posto e o/a seu/súa suplente, sen prexuízo do cumprimento da normativa reguladora da materia.

Unha vez transcorrido o dito prazo e unha vez verificada a ocupación real e efectiva do mercado a concesión de postos realizarase segundo o disposto no presente regulamento.

Disposición adicional primeira

Para o non previsto na presente ordenanza, estarase ao disposto na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior

de Galicia; Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior; Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia, na parte non derogada pola Lei 13/2010; Lei 12/1984, de 28 de decembro, do estatuto galego do consumidor e usuario; Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria; Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio polo miúdo, modificada pola Lei 47/2002, do 19 de decembro e pola Lei 1/2010, do 1 de marzo; Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias; Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agro-alimentaria; e demais normativa de aplicación na materia.

Disposición adicional segunda

No caso de retirada, intervención de instalacións, elementos e xéneros, procederase ao depósito destes no lugar que se determine.

Unha vez transcorrido o prazo establecido no parágrafo anterior dende a súa intervención, sen comparecer o/a titular para facerse cargo deles entenderase que desiste no seu interese e titularidade, podéndose proceder a súa destrución ou darlle outro destino que se considere, sen posibilidade de reclamación ou indemnización ningunha.

Previamente á retirada das mercadorías haberán de aboarse os correspondentes gastos de depósito, que se fixarán na correspondente ordenanza fiscal.

Disposición derogatoria

Queda derogado o anterior Regulamento de venda ambulante dentro do termo municipal de Lobios, así como cantos outros actos ou acordos resulten contrarios ao presente regulamento.

Contra este acordo poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa».

Lobios, 20 de novembro de 2013. A alcaldesa.

Asdo.: María del Carmen Yáñez Salgado.

Anuncio de aprobación definitiva

Al no presentarse reclamaciones durante el plazo de exposición al público, queda automáticamente elevado a definitivo el acuerdo plenario inicial aprobatorio de la Ordenanza Reguladora de la Venta Ambulante y de las Actividades Feriales del Ayuntamiento de Lobios, cuyo texto íntegro se publica, para general conocimiento y en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Régimen Local.

Ordenanza Municipal Reguladora de la Venta Ambulante y de las Actividades Feriales del Ayuntamiento de Lobios.

Exposición de motivos

En la actualidad, la actividad comercial se configura como un sector de los de mayor importancia en la vida municipal, existiendo diversas modalidades especiales dentro de esta, entre las que se encuentra la venta ambulante, actividad que, por su importancia, reclama una normativa municipal en la que se establezcan las peculiaridades de su desarrollo en el Ayuntamiento de Lobios.